

CiberCaixa. Quedamos ao saír da clase é un programa de acollida para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos, que ofrece un contorno educativo non formal en horario extraescolar e en períodos de vacacións.

O proxecto, impulsado pola Fundación "la Caixa" en colaboración co Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, ten como obxectivo axudar as familias a conciliar a vida familiar e laboral.

Un contorno lúdico e educativo que complementa a vida escolar dos vosos fillos.

A CiberCaixa ofrece un contorno deseñado para compaxinar actividades de lecer e tamén actividades escolares fóra do horario lectivo.

O persoal dinamizador conta coa formación e a cualificación axeitadas para acompañar aos nenos e nenas nas diferentes actividades, potenciando o seu desenvolvemento cognitivo, afectivo e social.



CiberCaixa

quedamos ao saír da clase



DLB 14.131 - 2010 Gráficas Celler, S.A.

INFORMACIÓN:

CiberCaixa de Roxos Villestro
Rúa da Barrosa, Nº 74
Villestro – 15896 – Santiago de Compostela

Concello de Santiago de Compostela
Departamento de Educación:
Tel: 981 55 44 00 /01
dptoeducacion@santiagodecompostela.org
www.santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO
Departamento de Educación



Obra Social
Fundación "la Caixa"



Obra Social
Fundación "la Caixa"



Tres espazos totalmente equipados

A CiberCaixa pon ao alcance dos nenos e nenas unha gran cantidade de recursos para que poidan realizar actividades variadas arredor de tres espazos integrados:

O espacio de informática representa o núcleo arredor do que xira o programa, ofrecendo unha fiestra aberta ao mundo. Nel pódense levar a cabo diferentes actividades. Os nenos e nenas poden buscar información para facer as tarefas escolares ou para obter información sobre temáticas de interese particular, levar a cabo actividades lúdicas e comunicarse.

O espacio de lectura e de audiovisuais

Os menores atoparán neste espacio material bibliográfico e equipos audiovisuais para potenciar a lectura, a imaxinación e a comunicación: contos, novelas, libros temáticos de consulta, programas audiovisuais, películas, etc.

O espacio infantil

Trátase dunha zona equipada con mobiliario e recursos específicos para os máis pequenos: material de contido pedagóxico, programas educativos e actividades lúdicas libres ou dirixidas.

A CiberCaixa axúdaos a medrar

As actividades en grupo que se organizan na Cibercaixa axudan a desenvolver actitudes e valores que favorecen o proceso de socialización e maduración dos nenos e nenas, como apoio á tarefa da familia e da escola.

O xogo e o tempo lecer


Apréndese a xogar, potenciando o xogo en grupo e o xogo simbólico. O xogo como ferramenta de aprendizaxe e de diversión.

O lugar para o estudo

A Cibercaixa proporciona o espazo e os recursos para que os menores adquiran o hábito de estudar e facer os deberes da escola.

As novas tecnoloxías

Os nenos e nenas terán que familiarizarse coas novas tecnoloxías para sacar o máximo proveito das súas posibilidades.



Os valores democráticos e solidarios

Trabállase a educación baseada na igualdade, convivencia e diversidade, fomentando os valores positivos da persoa.

Os hábitos saudábeis

Foméntase a adquisición de comportamentos responsábeis en alimentación, actividade física, consumo, hixiene, sexualidade, etc.

O desenvolvemento persoal e social

A vida en sociedade require aprender a desenvolver habilidades sociais e comunicativas, a partir da educación emocional.

A educación ambiental

Os nenos e nenas toman conciencia das ameazas que vive o noso medio e desenvolven actitudes positivas e comprometidas ao respecto.

O vínculo familiar

Dende a CiberCaixa tamén se reforza o sentimento de pertenza á familia, fomentando a participación dos pais e nais nalgúns das actividades.